

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



I
GA
DI

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2021

1. Presentación.....	2
2. Documentación e investigación.....	3
3. Publicacións.....	4
4. Dinamización Acción Exterior de Galicia.....	7
5. Rede de Redes.....	9
6. Actividades e proxectos	11
7. Comunicación.....	15
8. Cooperación universitaria	16
9. Consello reitor.....	16
10. Conclusións.....	17

1. PRESENTACIÓN

O IGADI continuou durante o 2021 a desenvolver os cambios iniciados na asociación desde a aprobación no ano 2018 das *“Liñas 2021: Un tempo novo para o IGADI e a paradiplomacia galega”*. Así as cousas, trala renovación da Xunta Directiva en novembro de 2020, o 2021 normalizou as novas dinámicas de traballo en liña internas e externas, priorizando o seguemento da acción exterior de Galicia e a recuperación e sustentabilidade financeira da entidade trala crise do 2020. O momento máis especial do ano foi sen dúbida a celebración do 30 aniversario da entidade (10 de setembro 1991-2021) e a homenaxe ao noso fundador e Presidente de Honra, Xulio Ríos, o 1 de outubro de 2021, no Consello da Cultura de Galicia.



2. DOCUMENTACIÓN E INVESTIGACIÓN

CIDIC (Centro de Información e Documentación Internacional Contemporánea)


O CIDIC é o centro de documentación da asociación, que retrata a Galicia e o mundo actual dende o final da Guerra Fría, construído ao longo da historia do IGADI. O CIDIC converteuse nun centro único no país pola súa especialización e actualmente atópase en reconfiguración. Atópase na sede central da entidade no Centro Cívico Sur do Concello de Pontevedra, pechado durante o 2021 pola crise da Covid-19 e actualmente pola realización de obras en profundidade no edificio que nos acolle.


Liñas de investigación

Durante o 2021 o equipo do IGADI e a súa rede de colaboradoras e colaboradores seguiu a desenvolver traballo de análise e investigación nas áreas temáticas estratéxicas da entidade:

- Acción exterior de Galicia e paradiplomacia:
 - Seguimento EGAEX e Lei Galega de Acción Exterior e Cooperación para o desenvolvemento
 - Paradiplomacia
 - A Raia No Medio
 - Observatorio Galego da Lusofonía.
- Seguridade, conflitos e construción da paz (Áreas rexionais e análise país).
- China e mundo asiático.
- Cooperación Internacional e sistema de Nacións Unidas.

Desde novembro de 2021 e acompañando á construción da nova web do IGADI proxectada para 2022, impulsouse a construción dunha base de datos interna dos e das investigadoras asociadas da entidade, que acabará por reconfigurar o traballo estratéxico, interno e externo, do IGADI.





3. PUBLICACIÓNS

O traballo de documentación e investigación arredor das nosas liñas de traballo históricas reflíctese en toda a actividade e proxectos do IGADI e de maneira explícita na nosas publicacións.

Ás coleccións de referencia do IGADI, os seus Informes anuais e a revista Tempo Exterior, sumouse durante o 2021 unha obra especialmente significada e simbólica, o Libro Homenaxe ao fundador e Presidente de Honra do IGADI, Xulio Ríos no marco do 30 aniversario da entidade.

Informes Anuais: IGADI Annual Report e Nós no Mundo

A decimocuarta edición do **IGADI Annual Report 2020-2021 "Nova normalidade e sociedade de risco global"** serviu un ano máis (decimocuarta edición) para realizar unha análise da xeopolítica internacional e a política global desde Galicia, no obxectivo de achegarse aos acontecementos máis destacados do 2020 así como as dinámicas de fondo que modelaron a realidade internacional e as perspectivas en curso no 2021.

Desta maneira o anuario identificou na emerxencia da Covid-19 un punto de inflexión arredor dos riscos acumulados pola sociedade internacional nas últimas décadas. Así as cousas os acontecementos do primeiro trimestre do ano 2021, coma o asalto ao Capitolio, as primeiras consecuencias do Brexit, as novas ondas e cepas da Covid-19, a dificultosa xestión da produción e administración universal das vacinas ou o colapso do Canal de Suez, alertaban para un presente e futuro onde conviviron crises xa coñecidas no planeta da última década, con novos escenarios aparecidos froito da evolución da sociedade internacional e particularmente da crise sanitaria global.

Da mesma maneira o Informe anual sobre a acción exterior de Galicia, **Nós No Mundo 202-2021**, titulouse, na súa duodécima edición, "**No-**



MUNDO DESDE AQUÍ

Presentación
IGADI ANNUAL REPORT 2020-2021
NOVA NORMALIDADE E SOCIEDADE DE RISCO GLOBAL

Xoves 15 de abril 12:30h
Presenta: Daniel O. Palou, Director do IGADI

Valentín García
Secretaría xeral de Política Lingüística

David Alvarado
Político, xornalista, e consultor especializado na norte de África e mundo árabe

Christoph Schreinmoser
Analista en Seguridade, paz e conflitos internacionais

Las Ho
Investigador no Centro Internacional para o Estudo de Iberoamérica (CICIA)

Maria Xosé Porteiro
Xornalista, escritora e feminista

Wesley ST Guerra
Consultor internacional, Presidente do CERES (Centro de Estudos das Relacións Internacionais)

Colaboracións do Secretaría Xeral de Política Lingüística do Xunta de Galicia

vos tempos para a acción exterior de Galicia”.

Nesta ocasión a aprobación da Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia, aprobada no Parlamento o pasado 23 de febreiro de 2021, marcaba un punto de inflexión para a nosa paradiplomacia que o noso anuario radiografiou desde distintos escenarios, a Eurorexión, a participación na UE, a diplomacia urbana ou o contexto máis amplo da Década Xacobeá.

Desta maneira o Nós No Mundo 2020-2021 achegouse a un conxunto de temas que perfilan de facto os retos inmediatos, mais tamén de futuro do conxunto da nosa paradiplomacia, contando para a súa análise con protagonistas e especialistas de institucións e entidades representativas da nosa sociedade.

O 5 de abril de 2021 presentamos na Canle de Youtube do IGADI, o *“IGADI Annual Report 2020-2021: Nova normalidade e sociedade de risco global”* coa participación dos analistas: Marola Padín, Christoph Schreinmoser, Miriam Francisco e Wesley Sateles Guerra, así como coa participa-



Terceira etapa
Vol. XXX (II)
nº 42 / Xaneiro-Xuño 2021
PVP. 10 euros
www.igadi.gal

Tempo exterior
REVISTA DE ANÁLISE E ESTUDOS INTERNACIONAIS

Política Exterior Feminista: perspectivas e desafíos para os seus estudos (I)

Editorial

Unha ollada desde os feminismos críticos ás políticas exteriores feministas de Suecia, Canadá, Francia, México e España
Lucrécia Rábzo Grunfeld
Gabriela de Lima Grecco
Itziar Ruiz-García Arrieta

A política exterior feminista de España: unha análise preliminar
María Solanas

Política exterior feminista de Canadá: unha apreciación crítica
Larrosa Alejandra Rosales López
Andrea Guzmán Rodríguez
Vanessa Javier Muñoz Saigado
Haviatta Carmen Mbaumbaw Duzan
Friedel Granados Chávez
Marianne H. Marchand

A política exterior feminista de Suecia: vangarda do cambio institucional
Raúl Ferrnando Savaris Martínez

A política exterior feminista de México
Verónica Yazmin García Morales

Chile: Por que unha democracia constitucional aparentemente estable e vigorosa está en crise?
José Ignacio Martínez Estay
Francisco Javier Medina Krause

Libros

Publicacións de análise e estudos internacionais en www.igadi.gal

ción do SX de Política Lingüística, Valentín García, que durante o ano 2021 renovou o seu apoio a distintas iniciativas do IGADI.

Tempo Exterior

En 2020 abriuse a terceira etapa histórica da revista semestral de estudos internacionais do IGADI, o Tempo Exterior. En liña cos desafíos abertos polo plan estratéxico do IGADI *“Liñas 2021: Un tempo novo para o IGADI e a paradiplomacia galega”* a revista aposta nesta nova época por un aliñamento maior coa Universidade galega e internacional, apostando por mellorar nos índices académicos e científicos.

Así as cousas e despois dun Call for Papers aberto no ano 2020, os números do Tempo Exterior do ano 2021, nº 41 (xaneiro-xuño 2021) e nº42 (xullo-décembro de 2021) centráronse na **Política Exterior Feminista**, coordinados polas persoas do Consello de Redacción da revista, Paula Lamoso e Antonio Alejo.

Os monográficos, son un esforzo por achegarse a un campo novidoso, emerxente e necesario das relación internacionais actuais, no contexto máis amplo da Axenda 2030 e a introducción da cuarta onda feminista na política internacional. Desta maneira os monográficos procuran sumar no debate académico e na aproximación teórica e empírica a este campo de estudo.

Os dous números, que acumularon retrasos en relación á súa programación no calendario, contan tamén con distintos artigos de Miscelánea, achegándose, entre outros escenarios, a Chile, norte de África ou ao conflito entre Ucraia e Rusia, que abre unha nova sección da revista, -Notas de Investigación, reservada a traballos destacables de investigadores noveles.

O Tempo Exterior contou no 2021 co apoio da AECT Río Minho da Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra.

Libro Homenaxe a Xulio Ríos:

“Unha vida de compromiso para unha Galicia universal” e “De Galicia a China: Donde hay voluntad hay un camino”

No contexto de celebración das tres décadas do IGADI, o 1 de outubro de 2021 presentamos un Libro Homenaxe ao noso fundador e Presidente de Honra, Xulio Ríosque, que consta de dous volumes: **“Unha vida de compromiso para unha Galicia universal”** e **“De Galicia a China: Donde hay voluntad hay un camino”**.

Nos libros participaron 50 persoas colaboradoras do IGADI, amigas e amigos, con nomes destacados do mundo da política, o xornalismo, a cultura, e por suposto, os estudos internacionais e os estudos chineses. Na edición dos libros participaron ao longo do ano 2021, Raquel Isamara León, Vera Ríos, Marola Padín e Daniel González Palau.





Os libros presentáronse por sorpresa no acto do 30 aniversario do IGADI, celebrado en Santiago de Compostela, na sede do Consello da Cultura de Galicia (CCG), que contando cun aforo limitado polas restricións froito da Covid-19, puido ampliar a difusión do evento a centenaes de persoas que seguiron a retransmisión en liña do mesmo, agora dispoñible na IGADI TV.

Os libros realizáronse coa colaboración do Concello de Baiona, o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra.

4. DINAMIZACIÓN DA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA

A promoción e participación de Galicia na sociedade internacional está no centro constituínte do IGADI e por iso entre as nosas liñas de traballo tradicionais destaca a promoción de políticas públicas para unha acción exterior de Galicia coordinada e con acento na lingua.

Para o ano 2021 agardábase a aprobación definitiva da Lei de Acción Exterior e Cooperación ao

Desenvolvemento de Galicia, tralo debate plenario sobre a mesma realizado o 24 de novembro de 2020 e despois de anos de traballo e de parálise coa explosión da pandemia no 2020.

Así as cousas, seguíronse os tempos previstos e a Lei voutouse o 23 de febreiro de 2021, contando co apoio do partido do Goberno, o PpdG, a abstención do BNG e o voto en contra do PSdG. Finalmente, a Lei publicouse no DOG o 15 de marzo, contando por fin o sistema autonómico galego coa *Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia*.

Neste contexto debemos destacar entre as nosas actividades durante o 2021:

> O IGADI realizou o duodécimo informe anual da acción exterior de Galicia, Nós No Mundo, no que identificamos os retos inmediatos da acción exterior de Galicia, no marco da nova arquitectura institucional da acción exterior española e galega.

> Durante o 2021 realizamos tres investigacións estratéxicas para a acción exterior de Galicia, que cómpre destacar e poñer en valor pola súa potencialidade no contexto da Lei de Acción Exterior de Galicia e a década dos anos 20.

Así as cousas por indicación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e a UE da Xunta de Galicia, realizamos o informe, **“Bases para un Plan Brasill 2021-2030”** arredor das relacións multidimensionais entre Galicia e Brasil, das económicas ás culturais ou institucionais, realizando unha diagnose xeral no obxectivo de procurar unha presenza máis definida e coherente da acción exterior galega no Brasil.

Tamén contamos co apoio da Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia, para retomar a nosa liña de investigación arredor dos irmandamentos en Galicia, impulsando a investigación **“Os irmandamentos en Galicia (2021): Da Eurorexión á lusofonía”**.

Por últimos, en colaboración coa Fundación Galiza Sempre e a Fundación Coppeters, realizamos un estudo comparado arredor da **Paradiplomacia en Europa**, observando de maneira particular os casos de catro rexións europeas, Galicia, Illas Aland, Flanders e Groelandia.

> Durante o 2021 tivemos que renunciar, debido á falta de liquidez económica da entidade e a imposibilidade de conseguir prórrogas, a subvención concedida polo programa da Xunta de Galicia, O Teu Xacobeo, a segunda fase do proxecto **“O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente”**.

Polo mesmo motivo vímonos na obriga de renunciar tamén ao Convenio nominativo co Concello da Coruña, presente nos Orzamentos de 2021, para impulsar as **Bases de Acción Exterior do Concello da Coruña**, que en marzo de 2019 conseguiran o apoio unánime do Pleno, apoiando unha Declaración institucional de apoio ao documento de Bases de Acción Exterior, para ordenar a acción exterior da cidade no marco da Estratexia Galega de Acción Exterior.

Dada a relevancia de ambos proxectos no futuro da acción exterior de Galicia, seguimos a acompa-

ñar de perto as relacións Galicia-China, así como o proceso de internacionalización do Concello da Coruña, mantendo entrevistas e reunións de maneira periódica con axentes chave de ambos proxectos, no obxectivo de reimpulsalos no 2022.

> Cómpre destacar o seguimento realizado polo IGADI desde o ano 2012 da Iniciativa popular e





posterior Lei Paz Andrade, **“Unha Historia para o S.XXI”**, que durante o 2021 centrouse na incorporación de España na CPLP coma observador asociado e nas distintas iniciativas impulsadas desde Galicia para a constitución dunha Casa da Lusofonía.

Neste sentido o traballo do OGALUS (Observatorio Galego da Lusofonía) cobrou especial relevancia, destacando a participación de Daniel González Palau, na Universidade Fernando Pessoa o 6 de agosto e o Centro de Estudos Galego de Río de Janeiro, o 31 de agosto, arredor da investigación “Unha Historia para o S.XXI”.

Da mesma maneira, Marola Padín, Xosé Carolos Morell e Daniel González Palau presentaron os resultados do proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” na Universidade Lusíada de Lisboa, na Lusíada Summer School o pasado 27 de xullo de 2021.

> Igualmente, durante 2021 o IGADI mantivo o seu compromiso coa Comisión de Acción Exterior do Consello da Cultura Galega (CCG).

> Cómpre por último apuntar a que durante o 2021 participamos na Consulta virtual previa impulsada pola Dirección Xeral de Exteriores e a UE arredor da nova Estratexia Galega de Acción Exterior, EGAEX, da que se presentaron unhas ideas iniciais no Consello de Acción Exterior, CAEX, o 12 de decembro de 2021, e da que se agarda contar cun borrador no mes de marzo de 2022.

5. REDE DE REDES

Unha das sinais de identidade fundamentais das tres décadas de traballo do IGADI foi a combinación das actividades puramente analíticas, no ámbito dos estudos internacionais e xeopolíticas propias dun *think tank* da nosa natureza, coa xestión de actividades, proxectos, liñas de traballo e institucións vinculadas coa súa misión e obxectivos estatutarios de 1991.

Fundación Plácido Castro

> O IGADI seguiu a exercer durante o ano 2021 a Secretaría da Fundación Plácido Castro, divulgando a súa figura e obra, por medio das súas actividades tradicionais, coma a Conferencia anual ou a difusión do seu legado por medio das redes sociais da Fundación. Cómpre subliñar que o IGADI promoveu xunto á familia de Plácido Castro o nacemento da Fundación, constituída finalmente no 1999.





Destacaron entre as actividades do ano 2021 a 22ª Conferencia Anual Plácido Castro, pronunciada por Manuel Gago, no Concello de Fisterra o 17 de xullo, baixo o título “Plácido Castro, a cultura galega e a xénese da recuperación do Camiño de Santiago”, por Manuel Gago” así coma a entrega do Premio Plácido Castro de Tradución en xuño, a Laureano Araujo, gañador da XIXª edición dos Premios, pola obra do escritor suízo Friedrich Glauser, “Schlumpf, Erwin: Homicidio”.

Tamén destacou, ademais da tradicional publicación da Conferencia anual, a publicación en maio de 2021 do cómic biográfico de Plácido Castro “Identidade entre mundos ” de Pepe Carreiro. Ademais, Plácido Castro entrou durante o 2021 no Álbum de Galicia do Consello da Cultura de Galicia. Da conta da especial axitación da vida da Fundación durante o 2021 a súa Memoria, dispoñible na web da Fundación e do IGADI.



Observatorio de la Política China

> O IGADI continuou a impulsar o Observatorio da Política China (OPCh) en colaboración con Casa Asia, por medio de distintas actividades, da análise na web á elaboración de documentos referenciais nos estudos chineses en español.

O Observatorio continuou a súa intensa actividade, acompañando as actividades tradicionais, coma a publicación do anuario Informe Taiwán 2020, a organización do 11ª Simposio electrónico internacional celebrado en marzo de 2020, ou os





Boletíns semanais, o Taiwan Hebdo ou a Cronoloxía da Política China.

Destacou no 2021 a entrega do Premio Casa Asia a Xulio Ríos, outorgado a finais do 2020, entregouse en Barcelona en xullo do 2021, da man da Ministra de Exteriores, González Laya, a Xulio Ríos. O Premio Casa Asia distinguiu a excelente traxectoria pioneira e destacada de Xulio Ríos nos estudos chineses e na creación de vínculos culturais e sociais con Asia.

6. ACTIVIDADES E PROXECTOS

O IGADI realiza as súas propias actividades e proxectos presenciais en contacto directo coa cidadanía, as institucións e a sociedade civil galega, para a promoción dunha cidadanía global e un país internacionalizado, capacitado e con ferramentas para o mundo do S.XXI.



Froito da crise sanitaria apostouse por minimizar a celebración de actividades presenciais, escollendo a difusión dixital coma canle prioritario da entidade no actual contexto xeral. Así as cousas realizáronse tres Charlas O Mundo Desde Aquí na nosa canle de Youtube, así coma a celebración, presencial e dixital, do noso trinta aniversario.

Charlas O Mundo Desde Aquí: A gobernanza multinivel na UE, con Serafín Pazos Vidal

Logo de case 20 anos representando a intereses subestatais na Unión Europea e a partir da súa tese de Doutroamento, Serafín Pazos Vidal participou nunha Charla “O Mundo Desde Aquí” o mércores 27 de xaneiro ás 20:30, para presentar o seu libro “Subsidiarity and EU Multilevel Governance: Actors Networks and Agendas” (Routledge, 2019) do cal houbo unha segunda edición a finais de 2020. Na actividade Serafín Pazos Vidal explicou nos desde unha chave galega, como funcionan na práctica, e como non, os mecanismos de influencia das entidades subestatais na Unión Europea. A actividade tivo especial relevancia, no contexto da aprobación da Lei galega de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento e a forte discusión sobre as posibilidades dos fondos europeos en xeral e os Next Generation en particular.

Charlas O Mundo Desde Aquí: Eleccións presidenciais en Ecuador: Perspectiva e prospectiva

No marco da segunda volta das eleccións presidenciais en Ecuador que se realizaron o 11 de abril de 2021, entre Andrés Arauz e Guillermo Lasso, a IGADI TV contou o 23 de marzo de 2021 cunha edición especial das charlas de O Mundo Desde Aquí, co título “Eleccións presidenciais en Ecuador: Perspectiva e prospectiva”. O debate serviu de foro plural onde coñecer o estados das cousas en Ecuador a poucas semanas da disputa electoral final así coma os potenciais escenarios de futuro. No debate participaron, Pablo Escandón, profesor na Universidade Andina Simón Bolívar de Quito, Palmira Chavero, Profesora titular e investigadora na Facultad Latinoamericana de Ciencias Sociales (FLACSO), Paulo Carlos López López, profesor no Departamento de Ciencia Política e Socioloxía na Universidade de Santiago de Compostela e membro do Consello de Redacción



do Tempo Exterior, e Felipe Burbano, director de FLACSO-Ecuador e membro do Consello Científico do Tempo Exterior.

Charlas O Mundo Desde Aquí: China vs USA, quen prevalecerá?

O 20 de abril de 2021 presentamos xunto ao noso investigador asociado, Alfredo Toro Hardy

(diplomático venezolano retirado e autor de 20 libros de relacións internacionais) o seu último ensaio, “China vs the USA: Who will prevail?” publicado en agosto do 2020 en inglés pola editorial World Scientific. O libro e a charla, achegáronse de maneira sistemática ás orixes, evolución e momento actual da rivalidade estratéxica que define á sociedade internacional nos nosos días desde varias preguntas iniciais: Desafiou China aos Estados Unidos demasiado duro e demasiado cedo e, ao facelo, afectou seriamente a oportunidade de conseguir os seus obxectivos? Aínda pode Washington conter a ascensión de China e manter o seu status de líder actual? Cales son as opcións que poden resultar do choque destes dous xigantes? Cal destas opcións ten a maior probabilidade de prevalecer?

Celebración do 30 aniversario do IGADI (1991-2021)

O acto de conmemoración, celebrado o 1 de outubro en Santiago de Compostela, xuntou a dúcias de persoas no Consello da Cultura de Galicia (CCG), que contando cun aforo limitado polas restricións froito da Covid-19, puido ampliar a difusión do evento a centenaes de persoas que seguiron a retransmisión en liña do mesmo, dispoñible na IGADI TV.



O evento iniciouse cunha proxección de fotografías históricas dos 30 anos do IGADI, apuntando aos seus fitos e resultados. Posteriormente o acto desenvolveuse por medio da interpretación do IGADI coma unha matryoska. Desta maneira interviron María Xosé Porteiro en nome do CCG, Luis Alvarez Pousa (Consello Reitor do IGADI), Juan González (Alcalde de Nigrán, Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade) Susi Castro (Presidenta Fundación Plácido Castro) e Marola Padín Novas e Daniel González Palau (Vicedirectora e Director do IGADI na actualidade).







Aínda que estaba programado que tamén interviran en liña desde México, Raquel Isamara de León (Observatorio Política China), desde os EUA, Jared Larson (Consello Científico Tempo Exterior) e desde a propia Galicia, Rubén Lois, unha incidencia impediuno. Así e todo o acto proseguíu coa proxección dun vídeo colaborativo no que participaron dúzias de persoas arredor da pregunta *–Que é o IGADI para ti?*.

O acto chegou ao seu momento máis emocionante coa intervención de Xulio Ríos, fundador e Presidente de Honra do IGADI, que animou a todas as persoas que fan parte da entidade a teimar no obxectivo de conseguir unha Galicia recoñecible no mundo das nacións, apostando polo traballo de investigación e de creación de pensamento propio, apegados a esta laboura desde o compromiso, o rigor e a independencia da sociedade civil.

Finalmente tralas palabras do Presidente de Honra, entregóuselle un Libro Homenaxe, no que participaron amigos, colaboradores e investigadores de todo o mundo, consta de dous volumes: “Unha vida de compromiso para unha Galicia universal” e “De Galicia a China: Donde hay voluntad hay un camino”.

7. COMUNICACIÓN ONLINE

Así coma o traballo de análise máis académico e estratéxico canalízase por medio das publicacións físicas do IGADI a páxina web presenta con regularidade análises variados das persoas colaboradoras do IGADI.

Tamén, a través das redes sociais continuamos a nosa sistematización de historias e liñas de traballo da entidade baixo etiquetas e cancelos coma:

#NósNoMundo

#OMundoDesdeAquí

#UnhaHistoriaSXXI

#OGALUS

#ParadiplomaciaLocalGalega

#ARaiaNoMedio

#30anosIGADI

Ademais da comunicación propia do IGADI, as redes sociais serven para visibilizar a conexión do IGADI coa Fundación Plácido Castro e co Observatorio de la Política China, que teñen a súa propia vida comunicativa.

No 2021 consolidamos tamén o envío das news-

letter-boletíns mensuais, para manter a nosa comunicación con persoas, entidades e institucións interesadas e a nosa propia base de colaboradores. Actualmente o IGADI proxecta o comezo do seu próximo Plan de Comunicación coa inauguración da nova web igadi.gal en maio do 2022.



8. COOPERACIÓN UNIVERSITARIA

En relación á cooperación universitaria, unha Liña de traballo sistemática da entidade, parte das Liñas 2021, resentíuse de maneira notable coa pandemia e os seus efectos. En todo caso mantivéronse ducias de contactos coa nosa rede académica, avanzando na consolidación da terceira etapa do Tempo Exterior e a ligazón sistemática coa Universidade galega e internacional. Ademais, de maneira particular contamos con persoas de prácticas da Facultade de Ciencias Políticas de Santiago de Compostela e da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra.

9. CONSELLO REITOR

No marco do Consello Reitor cumpre destacar un ano máis o compromiso e o acompañamento co traballo regular da entidade, así como a colaboración especial coa celebración do 30 aniversario e a construción dos Libros Homenaxe a Xullio Ríos.

10. CONCLUSIÓN FINAIS

O 2021 consolidou procesos abertos no ano 2018 co plan “Liñas 2021: O IGADI nun tempo novo”, celebrando o trinta aniversario da entidade, poñendo en valor o traballo acumulando e homenaxeando ao noso Presidente de Honra, Xulio Ríos. Ao tempo, normalizouse a vida en liña da entidade, mentres que a nova Xunta Directiva conseguiu os obxectivos marcados, arredor da sustentabilidade económica e actualización organizacional, que deberá concluír coa inauguración do novo portal de internet e Plan de Comunicación do IGADI 2022-2024.

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



**I
GA
DI**

WWW.IGADI.GAL